



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ANUNCIO

Mediante Resolución da concellería delegada de persoal de data 18.03.2021 se ditou o seguinte acto administrativo:

RESOLUCIÓN DE CONCELLERÍA DELEGADA DE PERSOAL

APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL.

Examinado o expediente tramitado para a contratación laboral temporal de doce auxiliares de policía local para o Concello de Tui, e no que se prevía no punto 10 das bases do proceso selectivo, a elaboración dunha lista de reserva para a cobertura de baixas, substitucións temporais, acumulación de tarefas, ou para a realización de obras ou servizos concretos, resultan relevantes os seguintes:

Antecedentes de feito:

- 1.- Mediante Resolución desta Concellería delegada de persoal de data 03/02/2021 se aprobaron as bases reguladoras e convocatoria para a contratación laboral temporal de doce auxiliares de policía para o Concello de Tui.
- 2.- Mediante certificación da acta do tribunal avaliador do proceso selectivo a contratación laboral temporal de doce auxiliares de policía para o Concello de Tui, de data 08/03/2021 se establecía a valoración provisional das probas realizadas e a orde dos aspirantes para a súa contratación, concedendo un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións ás puntuacións e a proposición de orde:

Posto	Nome e apelidos			Puntuación proceso selectivo
1	Marta	López	Pérez	8,40
2	Iván	López	Miranda	7,33
3	Diego	Alcántara	Troncoso	7,07
4	Iván	Chamorro	Rey	6,80
5	Avelino	González	Alonso	6,53
6	Roberto	Belay	Marrero	6,27
7	Juan Antonio	Pazos	Sieiro	5,47
8	Carlos	Vela	Riveiro	5,47
9	Jorge	Rodríguez	González	5,20

- 3.- Con data 10.03.2021 (n.r.e. 2021-E-RE-641) Don Adrián Outeiral Vilas presenta alegación á proba teórica e o tribunal avaliador reúnese o 16.03.2021 desestimando a alegación presentada, polo que a proposición provisional se considera definitiva.

Fundamentos de dereito:



Primeiro: A lista de espera elaborada segundo o establecido no artigo 10 das bases reguladoras da convocatoria terá unha duración de 1 ano.

Segundo: Os chamamento segundo o disposto no artigo 10 das bases reguladoras da convocatoria, realizárase do seguinte xeito:

"A totalidade dos aspirantes que superaron o proceso selectivo e a puntuación acadada, poderá ser utilizada coma listaxe de reserva, co fin de poder utilizala para a cobertura de baixas, substitucións temporais, acumulación de tarefas, ou para a realización de obras ou servizos concretos.

A lista de reserva, confeccionada por orde de maior a menor puntuación, será sometida á aprobación do Sr. Concelleiro competente na materia. A resolución do Concelleiro e as listas de reserva serán expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Tui e, de forma complementaria, publicarase na páxina Web do Concello de Tui (www.tui.gal) para coñecemento dos interesados e demais efectos legais.

En canto o funcionamento da listaxe e cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar, enviando notificación polos medios previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo común, e supletoriamente á dirección de correo electrónico, con acuse de recibo, outorgándolle un prazo de 48 horas para que formalice a renuncia ou aceptación a contratación ofertada.

Asimesmo, será intentada comunicación telefónica co aspirante, coa finalidade de acurtar os prazos de tramitación da contratación. Se non acusase recibo da notificación ou do correo electrónico, terase por efectuada a renuncia a contratación e procederase ao chamamento ao seguinte da lista, sen que caiba alegar motivo xustificativo algún relativo ás causas da renuncia.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

O cesamento producirase cando finalice a causa pola cal se efectuou a contratación.

A lista de espera elaborada estará vixente durante o prazo de un ano.

Os integrantes da lista deberán comunicarlle o Concello de Tui, calquera variación no seu enderezo postal, enderezo electrónico ou teléfono con respecto os sinalados na solicitude de participación no proceso selectivo.

Terceiro: As renuncias aos chamamentos regúlanse no artigo 11 das bases e onde se indica,

" A renuncia a contratación por causa xustificada (estar traballando por conta propia ou allea, facéndoo constar de xeito fehaciente, períodos de embarazo maternidade ou situacións asimiladas, ou enfermidade debidamente xustificada) determinará que non se perda a orde na lista de reserva procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante na orde da lista.

A renuncia por causa xustificada a contratación por dúas veces suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma.

A renuncia por causa non xustificada a contratación suporá a perda da orde na lista de reserva relegándose ao aspirante ao último lugar na mesma."

Por todo o anteriormente exposto esta Concellería delegada de Persoal (resolución de delegación 24/06/2019 nº 2019-0720),





EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

RESOLVO

1.- Prestar aprobación á lista de reserva para a cobertura temporal de auxiliares de policía, segundo a proposta do tribunal de data 17/03/2021:

Posto	Nome e apelidos			Puntuación proceso selectivo
1	Marta	López	Pérez	8,40
2	Iván	López	Miranda	7,33
3	Diego	Alcántara	Troncoso	7,07
4	Iván	Chamorro	Rey	6,80
5	Avelino	González	Alonso	6,53
6	Roberto	Belay	Marrero	6,27
7	Juan Antonio	Pazos	Sieiro	5,47
8	Carlos	Vela	Riveiro	5,47
9	Jorge	Rodríguez	González	5,20

2.- O funcionamento da lista de reserva aprobada axustarase ás previsións dos artigos 10 e 11 das Bases Reguladoras da Convocatoria.

3.- A presente lista terá unha duración dun ano.

4.- Dispoñer a publicación da presente lista no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Tui para xeral coñecemento polos interesados, de forma complementaria na páxina web.

5.- Dar traslado da presente resolución ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

6.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse os seguintes recursos:

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o da notificación da presente resolución.
- **Contencioso administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezarán a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo.
- Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

O Sr. Concelleiro de persoal, José Ramón Magán Rivera, en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

